

24 TIC

EDICIÓN DO CERTAME DE

TEATRO INTER CENTROS DE COMPOSTELA E COMARCA

Representación das obras
de educación secundaria:
**29, 30 de abril e 1, 2 e
3 de maio, 2019**

Representación das obras
de educación primaria:
21 e 22 de maio, 2019

TEATRO PRINCIPAL



DATA	HORA	GRUPO DE TEATRO: CENTRO	OBRA	DURACIÓN	PÚBLICO
S E C U N D A R I A					
29.04	11:30 h	ROSALÍA 1: IES ROSALÍA DE CASTRO	<i>Coa morte nos talóns</i>	45 MIN.	ESO
29.04	17:15 h	ROSALÍA 2: IES ROSALÍA DE CASTRO	<i>Reflexos</i>	60 MIN.	BACHARELATO
30.04	10:30 h	GRUPO DE ARTES ESCÉNICAS: IES ANTÓN FRAGUAS	<i>Medea, a nosa</i>	60 MIN.	ESO E BACHARELATO
30.04	12:30 h	TANTOMETÉN: IES ANTÓN FRAGUAS	<i>De amor e outras leiras</i>	70 MIN.	3º ESO EN DIANTE
30.04	17:00 h	GRUPO DE TEATRO DO IES PONTEPEDRIÑA	<i>Porteira es ti (Juan Torralba)</i>	25MIN.	TODOS OS PÚBLICOS
01.05	12:00 h	OS PEQUENOS DO PORVISO: CPPI DOS DICES (ROIS)	<i>O achado do Castro</i>	—	TODOS OS PÚBLICOS
01.05	18:00 h	TEATRO DO PORVISO: CPI DOS DICES (ROIS)	<i>Azucres</i>	2 HORAS	TODOS OS PÚBLICOS
02.05	10:30 h	PROACTORS: IES EDUARDO PONDAL	<i>A Fraga animada</i>	1 HORA	ESO E BACHARELATO
02.05	12:30 h	O GALIÑEIRO DE 3ºESO: CPI EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN (DODRO)	<i>Achanta Bieito</i>	45 MIN.	TODOS OS PÚBLICOS
02.05	18:00 h	AVELAÍÑAS TEATRO: IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ	<i>Vogando nos contos</i>	60 MIN.	ESO E BACHARELATO
03.05	10:30 h	CISTITE TEATRO: IES PRAIA DE BARRAÑA	<i>Ah!</i>	50 MIN.	4º ESO, BACHARELATO
03.05	12:30 h	VAI NO DENTISTA: IES A. XELMÍREZ I	<i>Animaliños</i>	50 MIN.	ESO E BACHARELATO
03.05	18:00 h	VAI NO DENTISTA: IES A. XELMÍREZ I	<i>Fóra de xogo</i>	50 MIN.	BACHARELATO
P R I M A R I A					
21.05	10:30 h	MÁSCARA: CEIP LÓPEZ FERREIRO	<i>Aínda non es sogra</i>	15 MIN.	TODOS OS PÚBLICOS
21.05	11:30 h	AULA DE QUINTO DO COLEXIO DE ROXOS	<i>Mamasiña, que medo!</i>	20-30 MIN.	PRIMARIA
21.05	12:30 h	AS LUPAS PICTOGRÁFICAS: COLEXIO ASPANAES DUQUES DE LUGO	<i>Na procura da peza perdida</i>	10 MIN.	INFANTIL E PRIMARIA
22.05	10:30 h	AULA DE SEXTO DO COLEXIO SAN JORGE	<i>En todas as familias cocen fabas</i>	20-30 MIN.	10 EN DIANTE
22.05	11:30 h	COLEXIO RAÍÑA FABIOLA	<i>Entrevista no ceo</i>	—	PRIMARIA
22.05	18:00 h	OS PALIMOQUIÑOS: TEATRO AFECCIONADO LUCENSE	<i>Os miserables</i>	60 MIN.	TODOS OS PÚBLICOS



ORGANIZAN

Coordinadora de equipas de Normalización Lingüística.
Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago.



ROSALÍA 1**29 de abril ás 11:30 h****Coa morte nos talóns**

Historia dunha vinganza... A situación de bancarrota dun pobo propicia que os seus habitantes atenten contra unha das súas veciñas coa esperanza de recibir unha recompensa millonaria.

ROSALÍA 2**29 de abril ás 17:15 h****Reflexos**

Un espazo indeterminado: unha illa "absurda". Moitas preguntas sen resposta. Non existen os individuos senón os seus reflexos no espello. As identidades dos personaxes confúndense dentro dun labirinto de busca sen saída. "Quen é ese que me mira no espello? Son eu? Es ti? Somos nós? Sodes vós?"

GRUPO DE ARTES ESCÉNICAS**30 de abril ás 10:30 h****Medea, a nosa**

Eurípides creou a Medea, ou a Medea creou a Eurípides? Que mans, que bocas, que ollos foron donos da historia? Medea é un prisma de cores que vive entre nós. Circulamos arredor e as caras do prisma mostran a realidade múltiple e complexa. Medea pasea, vive, agora entre nós e conosco.

TANTOMETÉN**30 de abril ás 12:30 h****De amor e outras leiras**

Ao longo do tempo, moito se ten vertido en torno ao amor: en teatro, no cine, en novelas. Pero que pasa cando quen fala de romance e namoramento é xente horrible? Este ano, en Tantometén, somos xente horrible que se empeñou en falar sobre o amor... ou algo semellante. Pedimos perdón de antemán.

GRUPO DE TEATRO PONTEPEDRIÑA**30 de abril ás 17:00 h****Porteira es ti (Juan Torralba)**

Unha nova edición do programa líder de audiencia. Líder da programación basura que en esta ocasión ten unha convidada moi especial: Toña. Unha muller que está morta... Unha dramática historia a desta convidada que contrasta co tono festivo, distendido, morboso... do programa. Non cambien de canal!

OS PEQUENOS DO PORVISO**1 de maio ás 12:00 h****O achado do Castro**

Dous ladróns que queren facerse co imperio, un emperador non moi espabilado, un sabio con moita paciencia, uns soldados algo torpes e, como non, dous namorados que sofren por un amor imposible prohibido polas súas familias. Situacións inauditas e humor, moito humor, nesta historia de romanos atopada nas ruínas dun castro.

TEATRO DO PORVISO**1 de maio ás 18:00 h****Azucres**

Miki vive nun mundo escuro, entre os mortos e os vivos, no que, a pesar da aparente tranquilidade, suceden cousas increíbles e por que non, maravillosas. O amor, a vinganza, os rituais e os sonhos son os protagonistas nesta obra...

PROACTORS**2 de maio ás 10:30 h****A Fraga animada**

Na fraga animada, onde habitan seres encantados, mitolóxicos, ecolóxicos e algún despistado, váise celebrar a Faunalia. Mentres deciden se comerán carne ou comida vegana, descubriremos que nada é o que parece.

O GALIÑEIRO DE 3ºESO**2 de maio ás 12:30 h****Achanta Bieito**

Versión adaptada do relato de Rafael Dieste "Sobre da morte do Bieito" (Dos arquivos do trasno). No día do enterro do finado Bieito, o seu mellor amigo sénteo boligar dentro do cadaleito. Sénteo, ou é só aprehensión súa? A trama xira arredor desta terrible dúbida, ao tempo que se irán desvelando aspectos ocultos sobre a verdadeira identidade do defunto.

AVELAÍÑAS TEATRO**2 de maio ás 18:00 h****Vogando nos contos**

Vogando nos contos mergulla ao espectador a través de múltiples historias no interese pola lectura como ferramenta que fomenta valores como a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, a cooperación, o compromiso e a cultura da paz. Trátase dun espectáculo que desborda optimismo e esperanza nun futuro mellor para a humanidade e onde se aspira a que eses valores sexan unha realidade nun futuro próximo... É a hora de desfrutar dunha ferveza de aventuras que abrirán a fiestra cara o país dos sorrisos!!!

CISTITE TEATRO**3 de maio ás 10:30 h****Ah!**

Ah! – Interxección cuxo significado depende do ton. Ah! de dor, ah! de desesperación, de pracer. Ah! de auxilio, de fartura, de rabia... Ah! é o noso berro contra a intolerancia, contra os que queren engaiolar a nosa liberdade de ser como nos da a gana. Ah! tamén é unha homenaxe.

VAI NO DENTISTA**3 de maio ás 12:30 h****Animaliños**

Baseándonos na obra homónima de R. Vidal Bolaño "Animaliños", queremos representar a hipocrisía da relación que a nosa sociedade do benestar establece coa súa contorna. Co alegórico vínculo, que a veciñanza dunha urbanización nas aforas da cidade mantén co seu xardín, Vái no Dentista enfronta ao espectador coa crueldade da súa propia natureza...

VAI NO DENTISTA**3 de maio ás 18:00 h****Fóra de Xogo**

Un equipo de fútbol formado por 6 rapaces e rapazas aparecen sobre o céspede dun terreo de xogo, coma se estiveran xogando o partido das súas vidas, onde explican e analizan en monólogos intimistas, ás veces difíciles de dixerir, os problemas aos que se enfrontan no seu día a día no instituto; problemas que eles non son quen de resolver, e aos que a sociedade non lles da solución deixándoos totalmente Fóra de Xogo. Fóra de Xogo é a adaptación da obra do mesmo nome de Toni Misó, Fuera de Juego.

MÁSCARA**21 de maio ás 10:30 h****Aínda non es sogra**

Uns labregos atopan a unha parella que ven de mercar e tentan de burlarse da muller.

AULA DE QUINTO DO COLEXIO DE ROXOS**21 de maio ás 11:30 h****Mamasíña, que medo!**

A Xalundres chega Celidonia para asistir a unha xuntanza de bruxas. Alí vive o xigante Xuvenco, ao que todo o pobo lle ten medo. Xuvenco sofre unha doenza, está encollido, e espera que as bruxas podan poñerlle remedio ao seu mal.

AS LUPAS PICTOGRÁFICAS**21 de maio ás 12:30 h****Na procura da peza perdida**

Un grupo de aventureiros deberá atopar as 4 pezas perdidas e completar o puzzle.

AULA DE SEXTO DO COLEXIO SAN JORGE**22 de maio ás 10:30 h****En todas as familias cocen fabas**

Dúas familias moi diferentes, unha artística e outra obsesionada con títulos e as licenciaturas máis "serias". Parecen os polos opostos, pero non hai ningunha similitude?... Verémolo.

COLEXIO RAÍÑA FABIOLA**22 de maio ás 11:30 h****Entrevista no ceo**

Os veciños de Figueiras están preocupados porque parece que no Nadal non vai haber regalos para os rapaces. Disque ata os Reis Magos pensan facer folga. Por iso, ante a alarma, acordan pedirlle unha entrevista ao propio Deus, no ceo, posto que é o fillo del o que vai nacer. Como ocorre ás veces cando se lle pide algo a alguén, lévaselle un pequeno regalo... Neste caso, facéndolle honor ao propio topónimo, uns cantos figos que o Todopoderoso degusta con grande pracer. Despois dalgúns malentendidos, acábase arraxando todo favorablemente e ningún neno nin nena quedará sen o seu regalo.

OS PALIMOQUIÑOS**22 de maio ás 18:00 h****Os Miserables**

Despois de 19 anos como prisioneiro, Jean Valjean é liberado por Javert, o oficial a cargo da forza de traballo da prisión. Valjean viola a súa liberdade e máis tarde usa o diñeiro roubado para reinventarse a él mesmo como alcalde e dono dunha fábrica. Javert promete levar a Valjean de volta á cárcere...